



PROTOCOLO DE MEDIDAS PREVENTIVAS PARA O PERSOAL QUE DESEMPEÑE FUNCIÓNS DE GARDERÍA FLUVIAL NA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA EN RELACIÓN CO CORONAVIRUS COVID-19

A situación provocada polo Covid 19 motivou que dende a dirección da entidade Augas de Galicia se declararan servizos esenciais aqueles que deban realizarse polo persoal da Gardería Fluvial adscrito ao servizos territoriais da entidade.

Estes servizos esenciais consisten na atención de alertas por vertidos non autorizados ao dominio público hidráulico; a vixilancia de tramos de ríos para localizar áreas que requiran retirada de atrancos (vexetación, árbores) que poidan dar lugar a unha situación de inundación; a vixilancia daqueles puntos dos cauces públicos e das súas zonas de protección nos que se considere que pode existir un risco para o medio ambiente; a inspección e denuncia doutras actuacións que se poidan estar levando a cabo fóra da legalidade e que provoquen un dano irreparable ao medio ambiente; así como calquera outra actuación que se considere necesaria e urxente, segundo o que determine o xefe do Servizo Territorial de Augas de Galicia correspondente.

Á vista das Recomendacións de prevención no traballo fronte ao coronavirus, ditadas polo Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, de data 18 de marzo de 2020, a propia evolución da pandemia, as medidas de protección recollidas no Protocolo polo que se establecen a reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial e as medidas de prevención fronte ao COVID-19, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión de 8 de maio de 2020 así como as achegas realizadas polas organizacións sindicais CIG, CCOO, CSI-F e UGT ao Protocolo de actuación do persoal da gardería fluvial de Augas de Galicia, entidade pública empresarial dependente da consellería de infraestruturas e mobilidade, en relación co coronavirus (covid-19) de data 15 de maio de 2020 no seo do Comité de Seguridade e Saúde da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade aconsellan a súa actualización.

De acordo co anterior, cómpre formular o seguinte PROTOCOLO de actuacións na realización dos servizos esenciais a desempeñar pola gardería fluvial da entidade en atención á seguridade e saúde das traballadoras e traballadores:

1.- Este protocolo, de carácter obrigatorio, seguirase por todo o persoal da gardería fluvial da Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia no desenvolvemento das súas funcións de vixilancia das zonas do dominio público hidráulico..





2.- Sen prexuízo da aplicación do Protocolo de traballo en relación ós labores de inspección en materia de verquidos desenvolvidos por Augas de Galicia e as medidas de protección neste recollidas, o persoal da gardería fluvial deberá atender, en todo momento, as medidas xerais previstas na Resolución do 12 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se lle da publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se aproba o Protocolo de actuación para o persoal empregado público da Administración da Xunta de Galicia en relación co coronavirus COVID-19.

3.- O persoal da gardería fluvial deberá ir vestido coa roupa de traballo e equipado cos EPIS facilitados para o desenvolvemento das súas tarefas de inspección do DPH. A roupa de traballo deberá ser hixienizada mediante o seu lavado a máquina (lavadora) a 60º.

4.- Deberán lavarse as mans con auga e xabón sempre que teñan ocasión e, en todo caso, ao inicio e á finalización da xornada de acordo co establecido nos Anexos I e II.

5.- Para minimizar o risco de contaxio as tarefas de vixilancia serán individuais e evitarase manter encontros con outras persoas. No caso de que fose necesario manter un encontro con outra persoa, manterase como regra xeral unha distancia de seguridade de dous metros. Neste caso é aconsellable utilizar, por precaución, unha mascarilla.

6.- Se por causa excepcional fose necesario intercambiar documentos en papel, ou recoller algún obxecto, será preciso, en todo caso, hixienizar as mans cunha solución de xel hidroalcohólico despois da súa recepción e só en casos moi necesarios (como gran cantidade de documentación ou a realización de inspeccións onde sexa necesario a manipulación de elementos) será necesario o uso de luvas. Sempre sendo necesario refugar as mesmas despois do seu uso nun contedor adecuado e hixienizar as mans.

7.- A utilización dos vehículos tamén será individual, tal e como ven sendo habitualmente. Como regra xeral, non se poderá compartir vehículo na realización das funcións de vixilancia e inspección propias da gardería. No caso de que coincidan dous ocupantes nun mesmo vehículo, utilizaran os dous a mascarilla de protección .

Tanto ao inicio como á finalización da xornada, o traballador/a usuario/a do vehículo procederá a realizar a ventilación do mesmo así como a limpeza de TODAS aquelas superficies obxecto de manipulación durante o servizo, e entre as que se incluírá a





manilla de apertura, o volante, as pancas de cambio e freo de man, o cinto de seguridade, os botóns da radio e do sistema de climatización e elementos como a tarxeta de repostaría, así como equipamento que conteña o vehículo e que se teña empregado durante a quenda. Esta limpeza tamén se levará a cabo con outras superficies que puideran ser obxecto de manipulación durante o servizo, entre as que se incluírán (no seu caso), tablets, dispositivos GPS, teléfonos, así como todo aquel material que se prevea empregar ou que se teña empregado durante a quenda.

A limpeza se levará a cabo con panos desbotables e se impregnará de:

- Xel hidroalcohólico
- Ou unha solución de 7 partes de alcohol de 96º e 3 partes de auga
- Ou con auga oxixenada
- Ou outros produtos comerciais con especificacións concretas de eficacia fronte ao virus

8.- No momento de estar nas oficinas administrativas, recoméndase a retirada de elementos non indispensables das mesas para favorecer a desinfección e limpeza, así como a utilización de mascarillas en pasillos e zonas de paso comúns.

Este protocolo poderá ser obxecto de variación en caso necesario e en función das recomendacións das autoridades sanitarias.





ANEXO I

Técnica do lavado de mans con auga e xabón



1 Humedecer as mans



2 Aplicar suficiente xabón



3 Fregar palma sobre palma



4 Fregar palma sobre dorso cos dedos entrelazados e viceversa



5 Fregar palma sobre palma cos dedos entrelazados



6 Fregar o dorso dos dedos sobre a palma oposta



7 Fregar os polgares mediante un movemente rotatorio



8 Fregar as xemas dos dedos sobre a palma da man contraria cun movemente circular



9 Fregar cada pulso coa man oposta



10 Aclarar con auga



11 Pechar a billa co cóbado ou ben cunha toalla desbotable



12 Secar cunha toalla de papel desbotable



13 Este proceso debe levar entre 40 e 60 seg

Adaptado de NHS e World Health Organization Guidelines on Hand Hygiene in Health Care





Técnica de hixiene das mans con preparacións alcohólicas

1. Depositar na palma da man unha dose de produto suficiente para cubrir todas as superficies a tratar.
2. Fregar as palmas das mans entre si
3. Estender o produto entre os dedos
4. Fregar as palmas das mans entre si, cos dedos entrelazados
5. Fregar o dorso dos dedos dunha man coa palma da man oposta, agarrándose os dedos
6. Fregar cun movemente de rotación o polgar esquerdo atrapándoo coa palma da man dereita, e viceversa.
7. Fregar a punta dos dedos da man dereita contra a palma da man esquerda, facendo un movemente de rotación, e viceversa
8. Fregar cada pulso coa man oposta
9. Esperar ata que o produto se evapore e as mans estean secas (non use papel nin toallas)
10. Este proceso debe levar entre 20 e 30 seg.

Adaptado de NHS e World Health Organization Guidelines on Hand Hygiene in Health Care





ANEXO II

